

Informe sobre encaixe da actividade de almacenamento de enerxía eléctrica no uso previsto no artigo 35.1.m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Concello de Sanxenxo – Expediente XCP-23/054)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 19.09.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2023/2558716) oficio asinado polo alcalde do Concello de Sanxenxo no que formula a seguinte á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

"[...] De acordo co indicado no artigo 36 da LSG as instalacións de produción e transporte de enerxía (35.1.m) son un uso permitido en calquera categoría de solo rústico, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanísticas dos terreos.

A consulta é respecto da viabilidade da instalación en solo rústico dunha instalación consistente na colocación de 4 contedores de batería para almacenamento de 4,2 MW e de dimensións 9,3 x 2,5 x 1,7 m cada un, dedicados ao consumo e xeración de enerxía eléctrica con conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e se o uso de almacenamento de enerxía eléctrica é asimilable aos descritos no artigo 35.1.m da LSG".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Sanxenxo conta con Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM), aprobado definitivamente o 27.02.2003, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 55, do 19.03.2003 e a súa normativa publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 55, do 20.03.2003.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece no seu apartado segundo o seguinte:

"O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...]

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicáraselle o disposto nesta lei para o solo rústico".

En consecuencia, ao solo rústico do Concello de Sanxenxo aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).



TERCEIRA.- A consulta municipal ten por obxecto analizar a viabilidade da implantación en solo rústico dunha instalación consistente na colocación de 4 contedores de batería para almacenamento de 4,2 MW e de dimensións 9,3 x 2,5 x 1,7 m cada un, dedicados ao consumo e xeración de enerxía eléctrica con conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e se o uso de almacenamento de enerxía eléctrica é asimilable aos descritos no artigo 35.1.m) da LSG

Este precepto contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico, entre outros, as *"Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, públicas ou privadas, e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren"*.

Á vista do establecido neste artigo, as instalacións de almacenamento de enerxía poden encadrarse no uso previsto no artigo 35.1.m) da LSG no suposto de que estean directamente vinculadas ou integradas no propio proceso de produción e transporte da enerxía almacenada, pero non no caso de que se destinen única e exclusivamente á actividade de almacenamento.

En consecuencia, haberá que estar ao disposto na normativa sectorial, concretamente á *Lei 24/2013, do 26 de setembro, do sector eléctrico*, para os efectos de determinar se as instalacións de almacenamento de enerxía están integradas ou vinculadas ás instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía, que é o que permite o artigo 35.1.m) da LSG.

CUARTA.- En todo caso, a actuación pretendida, de acordo co establecido na LSG é obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística correspondente, sendo competencia exclusiva do concello a súa tramitación, de acordo co establecido no artigo 25.2. a) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.

Será o concello o que en cada caso concreto debe valorar, á vista do proxecto e/ou documentación obrante no expediente municipal, se a actuación prevista e para a que se pretende obter o título habilitante de natureza urbanística que corresponda, pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente.

CONCLUSIÓN

1. O artigo 35.1.m) da LSG contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico os de *"produción e transporte de enerxía"*, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

2. As instalacións para o almacenamento de enerxía unicamente poden encadrarse no uso previsto no artigo 35.1.m) da LSG, no suposto de que estean directamente vinculadas ou integradas no propio proceso de produción e transporte da enerxía almacenada, o que deberá determinarse, en cada caso, atendendo á normativa sectorial que puidera resultar de aplicación.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

